

# NOME CIENTÍFICO

*Metrosideros excelsa*

## Descrición:

Chega ata os 20 metros de alto e ten unha copa en forma de cúpula.

**Familia:** Myrtaceae

**Orixe:** Nova Zelandia


**Nome común:** Árbore das bruxas ou árbore do fogo



86



87



88

**As súas follas** son oblongas e están cubertas por unha tupida capa de pelos brancos.

**As súas flores** son dunha brillante cor carmesí e cobren toda a árbore, o que lle da o nome de árbore de Nadal de Nova Zelandia.



89

**O seu froito** é unha cápsula leñosa con dúas valva. Contén no seu interior sementes leñosas.

# ***Metrosideros excelsa***

## ***Hábitat***

Orixinaria de Nova Zelandia, habita nas rexións costeiras da illa do norte de Nova Zelandia. Na actualidade pódese atopar en gran cantidade de países, en zonas de clima dende temperado a subtropical. En Europa podémolo atopar en latitudes tan setentrionais como o norte de Galicia e incluso o sur de Inglaterra.

## ***Usos ou propiedades***

Na cultura tradicional maorí utilízase fundamentalmente en ebanistería, xa que a súa madeira é densa e se traballa facilmente. Foi moi utilizada para a construción de embarcacións.

## ***Categoría IUCN***

Non avaliada (NE)

## ***Curiosidades***

Na súa lingua orixinaria, o maorí, denomínase “pohutukawa”. Hai dous exemplares de *Metrosideros excelsa* no catálogo de árbores senlleiras que elabora a Xunta de Galicia. Un no Xardíns da Policía na Coruña e outro no xardín da torre de Andrade, en Pontedeume.